

GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA

**PRÁCTICAS COMÚNS, ESCOITA
E PROCESOS ABERTOS**

**CONVOCATORIA RESIDENCIA
EAN 2026-27**



CONVOCATORIA RESIDENCIA EAN 2026-27

GAL

A nova residencia EAN 2026-27 ten como obxectivo conformar unha proposta experimental que posibíle ás e aos artistas a oportunidade de explorar as relacións entre creación artística e tecnoloxía da man das súas posibles relacións, implicacións, tensións, encontros e/ou diverxencias. A presente convocatoria quere valorar proxectos que amosen un interese específico nestes campos pero coa vontade de reflexionar sobre novos modelos de investigación social, sobre as potenciais sinerxías entre arte e a tecnoloxía, procurando a busca doutros métodos de intercambio e investigación que conduzan a traballos colaborativos e flexibles neses bordes e intersticios entre as diferentes disciplinas.

Esta convocatoria implica un proceso de investigación, conceptualización e produción e a realización dun proxecto ou obra en formato expositivo que poderá ser exhibida no novo Centro Galego de Artes Dixitais, preferentemente coincidente a súa inauguración coa celebración do EAN 2027 a inicios de setembro do próximo ano.

A residencia propón un período de duración total do proxecto que pode oscilar entre 6 e 8 meses, con inicio a partir do 7 de xaneiro de 2027 e que remataría o 30 de setembro de 2027, como datas estimativas. Implica asemade un período mínimo de 2 semanas de estancia nos espazos que se lle asignen na Cidade da Cultura de Galicia. Así mesmo, disporá dunha mentoría artística dos responsables da dirección e coordinación do EAN e do departamento de Acción Cultural da Cidade da Cultura.

Fases e prazos de presentación e resolución

GAL

Entre o remate da presente edición do EAN 2026 e con data límite do 10 de outubro de 2026, enviarase aos participantes o facility report do novo centro coa información técnica e construtiva, agora mesmo en fase de remate final.

Entre o 15 de outubro e o 20 de novembro de 2026 establécese o prazo de presentación dos proxectos e a resolución do proxecto gañador notificarase o día 10 de decembro de 2026.

A primeira fase da residencia consistirá no desenvolvemento detallado da proposta artística (investigación, análise, detallado do proxecto) entrando en interacción coa mentoría artística do EAN e o departamento de Acción Cultural. Esta fase abrangue un período aproximado de tres meses, entre inicios de xaneiro e finais de marzo de 2027. Nesta etapa sería pertinente situar o período de estancia na Cidade da Cultura pero a persoa gañadora pode distribuír estas dúas semanas como decida ao longo das 3 fases que se formulan aínda que sempre en coordinación coa organización.

A segunda fase sería a de produción do proxecto, mantendo esa interacción coa mentoría da residencia. Esta fase comprendería de abril a xullo de 2027. Nesta fase a persoa beneficiaria pode desenvolver o proxecto no seu lugar de residencia pero pode acudir ao Gaiás si o necesita, así como solicitar visitas ao Centro Galego de Artes Dixitais ou a outros espazos da Cidade da Cultura.

A terceira fase ou fase final sería a da instalación da obra/proxecto resultante da residencia. A súa montaxe e exhibición realizaranse preferentemente no Centro de Artes Dixitais ao longo de setembro de 2027, coincidindo coa celebración do EAN 2027. Si se produce algunha modificación nas datas de inauguración do proxecto, a organización porase en contacto co/coa residente para notificarllo con suficiente antelación. A mentoría do proxecto seguirá igualmente involucrada neste fase final.

As/os artistas deben procurar unha montaxe que non supere máis de 3 días atendendo á dotación económica do proxecto total.

Formato do proxecto resultado da residencia

GAL

O formato do proxecto artístico é aberto (pintura, escultura, fotografía, artes de acción, arte obxectual, arte sonora, arte en rede, arte interactiva, arte participativa, entre outras) pero debe presentar unha relación entre a arte e a tecnoloxía, e terá que utilizar dun xeito libre ferramentas sonoras, audiovisuais, sensoriais, informáticas, electrónicas, lumínicas, etc. A proposta debe abrirse ás novas perspectivas no campo da arte, da tecnoloxía e da sociedade

O orzamento global para a residencia e proxecto expositivo é de 12.000 euros impostos incluídos e aí están contemplados os gastos de desprazamento, aloxamento e dietas, así como toda a produción de obra, agás soportes de pantallas, proxectores, reprodutores de son ou soporte informático que non sexa xerado ad hoc para o proxecto. Si se presenta un deseño de hardware específico, impresións 3D, etc., estes deben ser contemplados como produción de obra.

A Cidade da Cultura poderá aportar o soporte tecnolóxico adecuado para a exhibición do proxecto (pantallas, proxectores, sensores, reprodutores de son e adecuacións construtivas do espazo, iluminación que non forme parte da obra) e tamén pode aportar mobiliario, iluminación, soporte audiovisual, informático ou construtivo para a estancia en residencia nas dependencias da Cidade da Cultura. Todo o software ou contidos dixitais do proxecto gañador necesarios para o seu funcionamento ou a produción material da obra ou obras resultantes deben estar incluídos no orzamento total da residencia artística.

Requisitos de presentación

GAL

A presente convocatoria so está aberta ás e aos artistas seleccionados como participantes no EAN 2026. O proxecto de residencia pode ser presentado de xeito individual ou colectivo pero se se presenta a unión de dúas persoas ou máis, o orzamento total non se modifica.

A formalización da residencia farase mediante contrato administrativo por realización de obra artística e a persoa ou colectivo gañador deben presentar capacidade de obrar para asinar e levar a cabo este contratación, é dicir que no momento de formalizar o contrato terá que presentar un certificado de situación censal. No caso de ser un colectivo é posible que a contratación so poida ser asinada por unha das persoas integrantes do mesmo a non ser que constitúan algunha modalidade de sociedade laboral.

Esta contratación contemplará varias fases de pagamento para poder asumir gastos de estancia e de produción previa.

Documentación requirida para presentarse a esta convocatoria:

- Descrición detallada do proxecto artístico que se vai realizar, incidindo no concepto ou idea artística principais. (Máximo 300 palabras).
- Breve descrición das expectativas do/a artista con respecto á realización do proxecto de investigación e exhibición así como os recursos necesarios para a súa materialización. (Máximo 600 palabras)
- Plan de produción do proxecto, cronograma e estimación de custos desagregados por partidas.
- Nome ou nomes completos das persoas participantes e fotocopia do DNI.
- Dossier artístico que inclúa proxectos e obras anteriores cunha breve biografía.

Toda a documentación da candidatura deberá ser remitida ao enderezo electrónico: encontro.cdc@xunta.gal

O xurado estará conformado por unha comisión de cinco persoas formada pola dirección do EAN, tres colaboradores do EAN e a dirección de Acción Cultural da Cidade da Cultura de Galicia. Esta comisión avaliará as propostas presentadas e seleccionará o/s e a/s artistas en residencia.

Todos/as os/as solicitantes serán informados/as do resultado por correo electrónico.

Os nomes dos/as gañadores/as publicaranse nos sitios web e redes sociais da Cidade da Cultura.

Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na convocatoria, o xurado requirirá á persoa aspirante que o corrixa nun prazo máximo e improrrogable de sete días, indicando que de non facelo, a solicitude será rexeitada.

Críterios de valoración

GAL

- A) Concepto/idea artística, incluíndo obxectivos que se pretenden acadar e no quede de manifesto a relación do proxecto con ferramentas de base tecnolóxica.
- B) Viabilidade da súa materialización, tanto no resultado práctico como no resultado de investigación, incluíndo orzamento realista e ben definido en relacións coas posibles fases do proxecto, e tendo en conta as diferentes necesidades deste (procesos de investigación, produción técnica, desprazamentos, honorarios de artista... e outros que se consideren pertinentes), a modo de valoración.
- C) Xustificación da oportunidade na traxectoria artística do/dos participante/s.
- D) Dossier artístico e biografía detallados das persoas solicitantes, vinculado ás características do proxecto presentado.





CONVOCATORIA RESIDENCIA EAN 2026-27

CAST

La nueva residencia EAN 2026-27 tiene como objetivo conformar una propuesta experimental que posibilite a las personas artistas la oportunidad de explorar las relaciones entre creación artística y tecnología de la mano de sus posibles relaciones, implicaciones, tensiones, encuentros y/o divergencias. La presente convocatoria quiere valorar proyectos que muestren un interés específico en estos campos pero con la voluntad de reflexionar sobre nuevos modelos de investigación social, sobre las potenciales sinergias entre arte y tecnología, procurando la búsqueda de otros métodos de intercambio e investigación que conduzcan a trabajos colaborativos y flexibles en esos bordes e intersticios entre las diferentes disciplinas.

Esta convocatoria implica un proceso de investigación, conceptualización y producción y la realización de un proyecto u obra en formato expositivo que podrá ser exhibida en el nuevo Centro de Galego de Artes Dixitais, preferentemente coincidente su inauguración con la celebración del EAN 2027 a inicios de septiembre del próximo año.

La residencia propone un período de duración total del proyecto que puede oscilar entre 6 y 8 meses, con inicio a partir del 7 de enero de 2027 y que finalizaría el 30 de septiembre de 2027, como fechas estimativas. Implica asimismo un período mínimo de 2 semanas de estancia en los espacios que se le asignen en la Cidade da Cultura de Galicia. Asimismo, dispondrá de una mentoría artística de los responsables de la dirección y coordinación del EAN y del departamento de Acción Cultural de la Cidade da Cultura.

Fases y plazos de presentación y resolución

CAST

Entre el final de la presente edición del EAN 2026 y con fecha límite del 10 de octubre de 2026, se enviará a los participantes el facility report del nuevo centro con la información técnica y constructiva, ahora mismo en fase de remate final.

Entre el 15 de octubre y el 20 de noviembre de 2026 se establece el plazo de presentación de los proyectos y la resolución del proyecto ganador se notificará el día 10 de diciembre de 2026.

La primera fase de la residencia consistirá en el desarrollo detallado de la propuesta artística (investigación, análisis, detallado del proyecto) entrando en interacción con la mentoría artística del EAN y el departamento de Acción Cultural. Esta fase abarca un período aproximado de tres meses, entre inicios de enero y finales de marzo de 2027. En esta etapa sería pertinente situar el período de estancia en la Cidade da Cultura pero la persona ganadora puede distribuir estas dos semanas como decida a lo largo de las 3 fases que se plantean aunque siempre en coordinación con la organización.

La segunda fase sería la de producción del proyecto, manteniendo esa interacción con la mentoría de la residencia. Esta fase comprendería de abril a julio de 2027. En esta fase la persona beneficiaria puede desarrollar el proyecto en su lugar de residencia pero puede acudir al Gaiás si lo necesita, así como solicitar visitas al Centro Galego de Artes Dixitais o a otros espacios de la Cidade da Cultura.

La tercera fase o fase final sería la de la instalación de la obra/proyecto resultante de la residencia. Su montaje y exhibición se realizarán preferentemente en el Centro Galego de Artes Dixitais a lo largo de septiembre de 2027, coincidiendo con la celebración del EAN 2027. Si se produce alguna modificación en las fechas de inauguración del proyecto, la organización se pondrá en contacto con el/la residente para notificárselo con suficiente antelación. La mentoría del proyecto seguirá igualmente involucrada en esta fase final.

Las/los artistas deben procurar un montaje que no supere más de 3 días atendiendo a la dotación económica del proyecto total.

Formato del proyecto resultado de la residencia

CAST

El formato del proyecto artístico es abierto (pintura, escultura, fotografía, artes de acción, arte objetual, arte sonoro, arte en red, arte interactivo, arte participativo, entre otras) pero debe presentar una relación entre el arte y la tecnología, y tendrá que utilizar de un modo libre herramientas sonoras, audiovisuales, sensoriales, informáticas, electrónicas, lumínicas, etc. La propuesta debe abrirse a las nuevas perspectivas en el campo del arte, de la tecnología y de la sociedad.

El presupuesto global para la residencia y proyecto expositivo es de 12.000 euros impuestos incluidos y ahí están contemplados los gastos de desplazamiento, alojamiento y dietas, así como toda la producción de obra, excepto soportes de pantallas, proyectores, reproductores de sonido o soporte informático que no sea generado ad hoc para el proyecto. Si se presenta un diseño de hardware específico, impresiones 3D, etc., estos deben ser contemplados como producción de obra.

La Cidade da Cultura podrá aportar el soporte tecnológico adecuado para la exhibición del proyecto (pantallas, proyectores, sensores, reproductores de sonido y adecuaciones constructivas del espacio, iluminación que no forme parte de la obra) y también puede aportar mobiliario, iluminación, soporte audiovisual, informático o constructivo para la estancia en residencia en las dependencias de la Cidade da Cultura. Todo el software o contenidos digitales del proyecto ganador necesarios para su funcionamiento o la producción material de la obra u obras resultantes deben estar incluidos en el presupuesto total de la residencia artística.

Requisitos de presentación

CAST

La presente convocatoria solo está abierta a las personas seleccionadas como participantes en el EAN 2026. El proyecto de residencia puede ser presentado de manera individual o colectiva pero si se presenta la unión de dos personas o más, el presupuesto total no se modifica.

La formalización de la residencia se hará mediante contrato administrativo por realización de obra artística y la persona o colectivo ganador deben presentar capacidad de obrar para firmar y llevar a cabo esta contratación, es decir que en el momento de formalizar el contrato tendrá que presentar un certificado de situación censal. En el caso de ser un colectivo es posible que la contratación solo pueda ser firmada por una de las personas integrantes del mismo a no ser que constituyan alguna modalidad de sociedad laboral.

Esta contratación contemplará varias fases de pago para poder asumir gastos de estancia y de producción previa.

Documentación requerida para presentarse a esta convocatoria:

- Descripción detallada del proyecto artístico que se va a realizar, incidiendo en el concepto o idea artística principal. (Máximo 300 palabras).
- Breve descripción de las expectativas del/de la artista con respecto a la realización del proyecto de investigación y exhibición así como los recursos necesarios para su materialización. (Máximo 600 palabras).
- Plan de producción del proyecto, cronograma y estimación de costes desglosados por partidas.
- Nombre o nombres completos de las personas participantes y fotocopia del DNI.
- Dossier artístico que incluya proyectos y obras anteriores con una breve biografía.

Toda la documentación de la candidatura deberá ser remitida al correo electrónico: encontro.cdc@xunta.gal

El jurado estará conformado por una comisión de cinco personas formada por la dirección del EAN, tres colaboradores del EAN y la dirección de Acción Cultural de la Cidade da Cultura de Galicia. Esta comisión evaluará las propuestas presentadas y seleccionará al/a los y a la/a las artistas en residencia.

Todos/as los/las solicitantes serán informados/as del resultado por correo electrónico.


Los nombres de los/las ganadores/as se publicarán en los sitios web y redes sociales de la Cidade da Cultura.

Si la solicitud no reúne los requisitos establecidos en la convocatoria, el jurado requerirá a la persona aspirante que lo subsane en un plazo máximo e improrrogable de siete días, indicando que de no hacerlo, la solicitud será rechazada.

Criterios de valoración

CAST

- A) Concepto/idea artística, incluyendo objetivos que se pretenden alcanzar y en el que quede de manifiesto la relación del proyecto con herramientas de base tecnológica.
- B) Viabilidad de su materialización, tanto en el resultado práctico como en el resultado de investigación, incluyendo presupuesto realista y bien definido en relación con las posibles fases del proyecto, y teniendo en cuenta las diferentes necesidades de este (procesos de investigación, producción técnica, desplazamientos, honorarios de artista... y otros que se consideren pertinentes), a modo de valoración.
- C) Justificación de la oportunidad en la trayectoria artística del/de los participante/s.
- D) Dossier artístico y biografía detallados de las personas solicitantes, vinculado a las características del proyecto presentado.



CONVOCATORIA RESIDENCIA EAN 2026-27

ENCONTRO DE ARTES NOVAS
CIDADE DA CULTURA

*PRÁCTICAS COMÚNS, ESCOITA
E PROCESOS ABERTOS*

1—4 SET 2026

cidadedacultura.gal



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo
2027

^B**Sabadell**
Fundación